

“NUBE NUBE SOL”

Unha proposta teatral de TEATRO Ó CUBO para a primeira infancia

TEATRO Ó CUBO PRESENTA... NUBE NUBE SOL


CON:

SOFÍA ESPIÑEIRA

ROBERTO CASAL MOURIÑO



MÚSICA DE BRAIS DAS HORTAS



Urdime

PROPOSTAS CULTURAIS

981 937 424 | 698 132 935
distribucion@urtime.net

Sobre o espectáculo

Sinopse:

As nubes chegan. Chove. Sae o sol. A natureza esperta para encherse de cores. Ó amparo dos paraugas atoparemos agocho, bailaremos e cantaremos, e acompañados da flora e fauna do lugar seremos parte da mesma paisaxe. Nube nube sol métenos de cheo na diversión e na aprendizaxe de todo o que a choiva e o sol provocan na nosa contorna. A través do corpo, o xesto, o canto e a música, Teatro ó Cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre.

Sobre a compañía

Traxectoria:

Teatro ó cubo nace no 2016 da man de Sofía Espiñeira e Roberto Casal. Partindo do teatro como eixo común, as súas creacións beben tamén doutras disciplinas como a danza, o circo, os monicreques e a música en directo, elaborando unha linguaxe ecléctica e multidisciplinar, cun tratamento de contidos coidadosamente deseñado para achegarse ao público familiar.

Con catro pezas na súa traxectoria, achéganse á primeira infancia con ***Nube nube sol***, onde desenvolven unha proposta chea de sensibilidade que pon especial atención no deseño visual, sonoro e de movemento. Unha peza que conta xa cunha gran acollida por parte do público e dos principais festivais de referencia de teatro para a primeira infancia da nosa comunidade.

UNIDADE DIDÁCTICA

“NUBE NUBE SOL”

Proposta didáctica para alumnado de infantil

PRESENTACIÓN DA PROPOSTA

A continuación presentamos unha proposta didáctica para acompañar este espectáculo, de modo que sexa unha experiencia máis enriquecedora para as nenas e nenos de infantil, podendo traballar na aula en torno á peza de teatro, tanto antes como despois da propia experiencia teatral. Afondamos a continuación en certos aspectos clave da peza para contextualizar a obra e poñela en relación directa cos obxectivos, competencias e áreas da etapa educativa, segundo o documento publicado no DOG do 9 de setembro do 2022, no que se recollen os aspectos citados e ao que a continuación facemos referencia.

(DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia)

1. Contextualización da peza teatral dende unha visión educativa

1.1. Valores, temáticas e contidos

Podemos observar no espectáculo moitas temáticas para traballar na etapa educativa que comprende.

- O descubrimento do noso entorno natural e a flora e fauna que o compoñen. Os elementos naturais e vexetais do bosque e da horta. A actitude de respecto e o coidado do noso medio natural.
- Os ciclos da natureza, as estacións, o tempo meteorolóxico e os cambios que estes provocan no noso entorno.
- As rutinas humanas en relación aos ciclos da natureza: o sono e a vixilia, como nos vestimos segundo a climatoloxía, as labores cotiás do campo e o ciclo dos alimentos (sementar, coidar e colleitar as verduras)
- A expresión cultural e social a través da música e a danza como elemento de celebración, relación social e expresión artística
- O compañeirismo, a igualdade de xénero e o traballo en equipo

1.2. Unha linguaxe para ao público infantil

Este espectáculo foi especialmente deseñado para as idades de infantil, tanto na súa temática como na forma de transmitila, por iso utilizamos sobre todo catro elementos fundamentais

1. A *linguaxe non verbal* dende a expresión corporal, os sons vocais, as emocións, a danza, o movemento e o xogo
2. A *linguaxe verbal* a través do idioma galego expresado dende a canción, dende a palabra cantada
3. Os *elementos visuais* con especial atención nas formas e cores da escenografía, así como os monicreques e obxectos que representan os animais e vexetais que habitan a paisaxe
4. O *elementos sonoros* a través dos sons da natureza, a música instrumental e o canto

2. A relación do espectáculo e a proposta didáctica cos obxectivos da etapa educativa

Tanto pola linguaxe utilizada no espectáculo como polos valores e contidos que trata, deseñamos unha serie de actividades en relación ao que acontece en “Nube nube sol” que desenvolven os obxectivos da etapa educativa que comprende estas idades:

ARTÍCULO 7. Obxectivos da etapa

- a) Conocer su propio cuerpo y el de las otras personas, así como sus posibilidades de acción, y aprender a respetar las diferencias.
- b) Observar y explorar su entorno familiar, natural y social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía en sus actividades habituales.
- d) Desarrollar sus capacidades emocionales y afectivas.
- e) Relacionarse con las demás personas en igualdad y adquirir progresivamente pautas elementales de convivencia y relación social, así como ejercitarse en el uso de la empatía y la resolución pacífica de conflictos, evitando cualquier tipo de violencia.
- f) Desarrollar habilidades comunicativas en diferentes lenguajes y formas de expresión.
- g) Iniciarse en las habilidades lógico-matemáticas, en la lectura y la escritura, y en el movimiento, el gesto y el ritmo.
- h) Promover, aplicar y desarrollar las normas sociales que fomentan la igualdad entre mujeres y hombres.
- i) Conocer y valorar las singularidades culturales, lingüísticas, físicas y sociales de Galicia, poniendo de relevancia las mujeres y hombres que realizaron aportaciones importantes a la cultura y a la sociedad gallegas.

DECRETO 150/2022, de 8 de septiembre, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia

Ditas actividades tamén están en realción directa coas tres áreas para a experiencia e desenvolvemento infantil, contempladas no mesmo decreto. Citamos a continuación:

2. Las áreas de la educación infantil son las siguientes:

- a) Comunicación y Representación de la Realidad.
- b) Crecimiento en Armonía.
- c) Descubrimiento y Exploración del Entorno.

ACTIVIDADES

1. Actividades previas ao espectáculo

As actividades previas teñen por obxectivo adentrar ao alumnado no que van ver. Coñecer a canción como propón a actividade 1 vai facilitar que podan cantala cos actores cando esta suceda no espectáculo. A actividade 2 ten por obxectivo xerar curiosidade e comprensión polos procesos e ciclos da natureza, experimentando e vivenciando a importancia do sol e da auga para que as plantas medren.

ACTIVIDADE 1.

CANTAMOS E BAILAMOS “Nube nube sol”

Ámbito da actividade: Cultural, social, artístico, movemento expresivo, linguaxe

Materiais ou elementos necesarios: Espazo na aula

Descrición:

Esta actividade consiste en aprender unha canción que forma parte do espectáculo, que se chama como a peza teatral: *Nube nube sol*, así como unha coreografía de movementos sinxelos acompañando á mesma para a súa integración.

O proceso:

1. Facemos un círculo
2. Escoitamos a canción e aprendemos os xestos *
3. Aprendemos a letra coa coreografía de xestos e movemento no espazo
4. Cantamos e bailamos “Nube nube sol” en grupo

LETRA:

NUBE NUBE SOL
NUBE NUBE SOL
NUBE NUBE SOL
NUBE NUBE SOL

CHOVERÁ
QUENTARÁ O SOL
CHOVERÁ
E TODO AGROMARÁ

O CEO CHORARÁ CHOIVA
AS NUBES DARÁN RAIOLAS
DA TERRA BROTARÁN FLORES

CHOVERÁ
QUENTARÁ O SOL
CHOVERÁ
E TODO AGROMARÁ
NO NOSO LAR

Referencias e/ou anexos:

Letra Nube nube sol

** No caso de ser seleccionado o proxecto engadiríamos na carpeta anexos especiais ao profesorado, onde contarían cun arquivo de audio da canción e un vídeo cunha proposta coreográfica de movementos para acompañala.*

Con esta actividade fomentamos sobre todo as seguintes competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- e) Competencia personal, social y de aprender a aprender (CPSAA).
- h) Competencia en conciencia y expresión culturales (CCEC).

ACTIVIDADE 2. UN EXPERIMENTO VIVO: SEMENTAMOS!

Ámbito: Ciencia, observación e comprensión do entorno

Materiais ou elementos necesarios:

- Recipientes pequenos: tarros das plantas ou tarros reciclados dos iogures
- Terra ou algodón
- Sementes (fabas, lentellas, cabaza ou similar)
- Auga e espazo con luz natural

Descrición:

Esta actividade consiste en facer un experimento práctico na aula para a observación do proceso de crecemento dunha planta, dende a semente ata os primeiros brotes. A través desta observación podemos apreciar o que sucede na natureza continuamente e o que precisan as plantas para vivir: luz, terra e auga.

O proceso:

1. Preparamos os recipientes decorando cada un co nome do alumno/a ou un debuxo propio para identificar o tarriño. Se son vasos de iogur o profesorado terá que facerlles uns pequenos orificios na base para que respiren
2. Metemos no tarriño algodón húmido ou terra, dependendo do espazo que teñamos para o experimento na aula
3. Humedecemos o algodón ou a terra
4. Observamos as sementes por grupiños con acompañamento do profesorado e sementamos en cada tarriño unha ou dúas sementes (poden ser sementes diversas escollidas polo alumnado)
5. Coidamos ao longo da semana o nivel de humidade e luz ata que saian os brotes. Observamos que sucede.

Variantes: unha vez saian os brotes podemos tapalos para observar que sucede se non teñen luz, ou podemos plantalos na horta do cole

Referencias e/ou anexos:

Con esta actividade fomentamos sobre todo as seguintes competencias clave:

c) Competencia matemática y competencia en ciencia, tecnología e ingeniería (STEM).

e) Competencia personal, social y de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadana (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

2. Actividades posteriores ao espectáculo

As actividades posteriores ao espectáculo teñen por obxectivo o desfrute da creatividade plástica e de movemento expresivo tras ter como referente o que sucedeu na escena. É unha forma de prolongar o desfrute da experiencia teatral e expresala dende os seus propios corpos e imaxinario.

ACTIVIDADE 3. QUE FOI O QUE VIMOS? FLORA E FAUNA

Ámbito: comprensión, reflexión, capacidades cognitivas, atención, creatividade

Materiais ou elementos necesarios: Fichas, lápiz e cores

Descrición

Esta actividade trátase de identificar a flora e a fauna que apareceron no espectáculo. Cada alumno terá unha ficha con animais e vexetais e terá que rodear cales apareceron no espectáculo e como se chaman. Tras isto explícase ao alumnado que en cada entorno natural no que estemos podemos observar distintos animais e vexetais. Que flora e fauna atopamos no patio do noso cole?

O proceso:

1. Rodeamos na Ficha animais e vexetais * os elementos que apareceron no espectáculo
2. Poñemos en común e preguntámonos cales identificamos no entorno do cole
3. Repartimos Debuxos animais e vexetais ** que apareceron no espectáculo entre o alumnado para que os coloreen ao seu gusto.

Referencias e/ou anexos:

Anexos: Fichas animais e vexetais *

Anexos: Debuxos animais e vexetais **

Con esta actividade fomentamos sobre todo as seguintes competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- c) Competencia matemática y competencia en ciencia, tecnología e ingeniería (STEM).
- e) Competencia personal, social y de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadana (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia y expresión culturales (CCEC).

ACTIVIDADE 4.

CREAMOS A NOSA PAISAXE

Ámbito: artes plásticas, creatividade

Materiais ou elementos necesarios: Papel e pinturas para mural

Descrición

Representamos nun mural a escenografía que vimos no espectáculo representando a paisaxe e decoramos o mural con pinturas e cos elementos que coloreamos na actividade 3.

O proceso:

1. O profesorado pinta as liñas básicas da paisaxe: as tres montañas, a horta, a árbore coa rama e o ceo. *
2. Pintamos e decoramos o mural entre todas
3. Xogamos a pegar sobre o mural os *Debuxos animais e vexetais* no lugar en que aparecían no espectáculo,(temos en conta o espazo e os niveis onde está cada cousa: o sol e as nubes están arriba, no nivel alto; o niño e os paxariños no nivel medio; as cenouras, flores e leitugas no nivel baixo.

Referencias e ou anexos:

Anexo: Exemplo base mural*

Con esta actividade fomentamos sobre todo as seguintes competencias clave:

- e) Competencia personal, social y de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadana (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia y expresión culturales (CCEC).

ACTIVIDADE 5 EN MOVEMENTO!

Ámbito: Expresión corporal e danza

Materiais e elementos necesarios: espazo da aula, paraugas e calzado

Descrición:

Propoñemos unha sesión de expresión corporal e movemento en relación co que viron no espectáculo

5.1. OS PARAUGAS.

Colocamos casiñas de paraugas polo espazo da aula. Poñemos música e as nenas e nenos móvense polo espazo libremente bailando. Cando a música para teñen que agocharse dentro dalgunha das casiñas, compartindo espazo con quen lles cadre, e ata que volva a música non se lles pode ver fóra.

Pódense engadir movementos e accións no espazo con distintas premisas, por exemplo:

- 1 palmada e dar un salto
- 2 palmadas rodar polo chan
- Un berro “Ei!” e coller cada un un paraugas e dar unha volta...etc

5.2. AS BOTAS.

Colocamos as botas/zapatos dos alumnos polo espazo. No silencio, xogando a non espertar aos animais, os nenos/as móvense polo espacio sixilosamente, intentando non facer ningún ruído ao camiñar. Neste camiñar, o profesorado pode guíalos por distintas sensacións, invitando a que se movan coma algún animal do bosque, coma se os levase o vento, coma se pisasen a herba, etc (todo o que imaxine o profesorado que guía e que sexa un estímulo sensitivo para expresar co corpo). Cando soa a música teñen que ir xunto aos seus zapatos e calzarse coma se fose un baile (pódese aproveitar este xogo para coller destreza e aprender a calzarse sós ou atar os cordóns). Cando a música para descázanse de novo e poñen os zapatos noutro sitio da aula. E volven comezar a andar silencio.

Variante: Só cun par de zapatos e o grupo dividido en dous. Colocamos á metade do grupo durmindo no medio da sala. Os outros alumnos camiñan intentando non espertalos xunto ao profesor/a e agochan os zapatos. Cando rematan poñen a música e os que dormen teñen que xogar a espertar rapidamente e buscar o par de zapatos agochados.

En lugar de poñer música/silencio tamén se podería usar o son da choiva/ son dos paxaros

Referencias e/ou anexos:

Canción instrumental: *Vals dos paraugas*

Son da choiva: *Chuva*

Con esta actividade fomentamos sobre todo as seguintes competencias clave:

e) Competencia personal, social y de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadana (CC).

h) Competencia en conciencia y expresión culturales (CCEC).

ENLACE AOS ANEXOS E MATERIAL COMPLEMENTARIO DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS:

https://drive.google.com/drive/folders/1hmCkO_CKPmWki5dYSmZr0eHe922jp_8?usp=share_link